



CAMPIONATO TERRITORIAL

SEGUNDA DIVISIÓN XUVENIL MASCULINA

FÓRMULA E DATAS DE COMPETICIÓN

Esta competición desenvolverase en dúas fases, levándose a cabo cos criterios que a continuación se detallan:

1ª Fase: Os dezaioito (18) equipos participantes distribuiranse en dous grupos de seis (6) equipos cada un. Xogarase polo sistema de liga, baixo a fórmula de todos contra todos a dobre volta dentro de cada grupo.

Clasifican para a 2ª Fase ou Fase Final os equipos clasificados en primeiro lugar de cada un dos grupos e o mellor segundo dos tres grupos desta 1ª Fase.

2ª Fase ou Fase Final: Os equipos clasificados formarán un grupo único de catro (4) equipos, en función da clasificación obtida na 1ª Fase da Competición.

Xogarase baixo o sistema de concentración nun fin de semana (venres, sábado e domingo) polo sistema de liga a unha volta.

DATAS DE CELEBRACIÓN

A 1ª Fase desenvolverase entre os días 6 de outubro de 2018 e 17 de febreiro de 2019.

A 2ª Fase ou Fase Final desenvolverase entre os días 12 e 14 de abril de 2019.

PARTICIPACIÓN NA COMPETICIÓN DE DIVISIÓN DE HONRA DA TEMPADA 2018/2019

No mes de setembro de 2019, todos os equipos inscritos, nos prazos previstos pola F.G.Bm., porán participar nunha Fase Previa para disputar a Competición de División de Honra (Play Off de Ascenso).

O Play Off se disputara nun fin de semana, polo sistema concentración (tipo sector). Serán sedes organizadoras, se así o solicitan, os equipos clasificados nas competicións da tempada 2018/19 nos seguintes postos: Campión de 2ª División Xuvenil Masculina; 7º, 8º, 9º clasificados de División de Honra; 2º clasificado de 2ª División Xuvenil Masculina e 10º clasificado de División de Honra.



DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS

Estas Normas específicas do Campionato Territorial de Segunda División Xuvenil Masculina complementáanse co desenvolvido no Título 2 do NO.RE.BA. Galicia - , en todos os aspectos alí recollidos e que non son modificados polas Bases específicas. Así mesmo, as devanditas normas complementáanse co establecido nos Regulamentos e Estatutos vixentes da Real Federación Española de Balonmán.